

Manual de Solicitud e Seguimento do Bono Social Eléctrico



Real Decreto 897/2017

FAePAC

FUNDACIÓN AXENCIA
ENERXÉTICA PROVINCIAL
DA CORUÑA

BONO SOCIAL ELÉCTRICO

O bono social eléctrico é un mecanismo que se artella dende o Ministerio de Industria, para ofrecer a certos colectivos un desconto no prezo da enerxía eléctrica.

As normas básicas que o regulan son, a [Lei 24/2013](#) do sector eléctrico, o [Real Decreto 897/2017](#) de 6 de outubro, e a orde [ETU/943/2017](#) de 6 de outubro.



Este é o segundo bono social eléctrico do estado español, e entrou en vigor o 8 de outubro de 2017.

Con esta orde, introdúcense importantes cambios na norma. Por unha banda o acceso ao bono vai ligado ao nivel de renda da unidade familiar, e ao número de menores dentro desta. Tamén se recoñecen as figuras de consumidor vulnerable, Vulnerable severo e en risco de exclusión social, que pode dar pe a importantes cambio na loita contra a pobreza enerxética.

Quen ten dereito?: Para poder acceder a este mecanismo, fan falla unha serie de **requisitos**.

1. Ser titular do contrato de subministro. Este punto ten especial relevancia, sobre todo, nos casos de contratos de alugamento co prezo da enerxía incluído, ou que non se cambia a nome do inquilino/a.

2. Ten que ter un contrato de subministro eléctrico en mercado regulado (PVPC). Este tipo de contratos so poden ser comercializados polas nomeadas “Comercializadoras de Referencia” ou COR. Antigamente estas compañías nomeanse Comercializadoras de Último recurso ou CUR. Algunhas aínda manteñen esta nomenclatura, de aí esta nota. Estas publícanse [na páxina web da CNMC](#) . Na zona peninsular son as seguintes:

Comercializadora de Referencia	CIF	Teléfono	Dirección	Correo Electrónico	Logo
Gas Natural S.U.R., SDG, S.A	A-65.067.332	900 100 283	Aptdo. Correos 61.084 28080 Madrid	bonosocial@gasnatural.com	
Iberdrola Comercialización de Último Recurso, S.A.U.	A-95.554.630	900 200 708	Aptdo. Correos 61.017 28080 Madrid	bonosocial@iberdrola.es	
Endesa Energía XXI, S.L.U.	B-82.846.825	800 760 333	Aptdo. Correos 1.167, 41080 Sevilla	bonosocial@endesa.es	
CHC Comercializador de Referencia S.L.U.	B-86.986.684	900 814 023	Aptdo. Correos F.D. 90 3300010 – 33080 Oviedo	bonosocial@chcenergia.es	
EDP Comercializadora de Último Recurso, S.A.	A-74.251.836	900 902 947	Aptdo. Correos 191, 33080 Oviedo	bonosocial@edpenergia.es	
Viesgo Comercializadora de referencia, S.L.	B-39.702.436	900 10 10 05	Aptdo. Correos460, 39080 Santander	bono-social@viesgo.com	

3. Estar cualificado como consumidor vulnerable, ou consumidor vulnerable severo. As condicións que debe de cumprir un usuario para ser cualificado en cada un destes tres apartados, ven dado por dous factores. O primeiro é o nivel de renda, e o segundo as nomeadas como “circunstancias especiais”.

Os niveles de renda van referenciados ao IPREM (Indicador Público de Renda a Efectos Múltiples), nisto hai que ter en conta que varia segundo a evolución de varios indicadores económicos, como pode ser o IPC, a prima país, etc, e que se publica na web do [Ministerio de Empleo e Seguridade Social](#). Actualmente o IPREM en vigor ven dado no Real Decreto 742/2016, de 30.12 (7.519,59€ en 14 pagas).

3.1. Caso xeral. Familias ou individuos, Requisitos de renda para ser considerado **Consumidor Vulnerable:**

- Solicitante individual, ou familia sen menores a cargo, pídese que a renda a percibir non supere 1,5 veces o IPREM.
- Familias cun menor, renda inferior o igual a 2 veces o IPREM.
- Familias con dous menores, renda inferior o igual a 2,5 veces o IPREM.

3.2. Familias numerosas. Sexa cal sexa o nivel de renda.

3.3. Pensionistas do sistema da Seguridade Social. Sexan familias ou solicitantes individuais, teñen que percibir a pensión mínima para cada caso, isto é. Unha viúva, que viva soa, ten que percibir como máximo o asignado pola seguridade social é de 637,70€. Estes datos varían segundo o que o goberno decida, sen que exista unha periodicidade establecida, e publícanse na [web da Seguridade Social](#) .

4. As nomeadas “*Circunstancias Especiais*” contemplan tres situacións a ter en conta, á hora de solicitar o bono social. Para cada un dos casos, aumentase o limiar superior de renda nun 50%, á hora de determinar o dereito de acceso ao bono social.

4.1 Que algún membro da unidade familiar que solicita o bono social teña unha discapacidade superior ou igual ao 33%

4.2 Que algún membro da unidade familiar que solicita o bono social sexa recoñecida como vítima de violencia de xénero.

4.3 Que algún membro da unidade familiar que solicita o bono social sexa recoñecida como vítima de terrorismo.

Estas circunstancias especiais teñen que ser acreditadas polos servizos sociais municipais, ou pola consellaría de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia. O modelo a seguir é o que figura como anexo na orde ETU/943/2017. É importante que se siga este modelo, xa que debe de ser confidencial, é dicir, aínda que se expida a nome do titular do subministro, que ten que ser o que solicite o bono social, non debe de referirse a que persoa da unidade familiar cumpre cos requisitos de “circunstancia especial”, aspecto que perde a súa relevancia cando o solicitante é persoa individual.

	Consumidor Vulnerable		Consumidor Vulnerable Severo	
Persoas individuais / Familias sen menores	1,5 Veces o IPREM/Ano	11.279,39 €	0,75 Veces o IPREM/Ano	5.639,69 €
<i>Si tamén se cumpre algunha das seguintes condicións, incrementase o limiar de renda en 0,5</i>	<i>2 Veces o IPREM/Ano</i>		<i>1 Veces o IPREM/Ano</i>	
Algún dos membros da unidade familiar ten discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%				
Algún dos membros da unidade familiar ten a condición de violencia de xénero		15.039,18 €		7.519,59 €
Algún dos membros da unidade familiar ten a condición de vítima de terrorismo				
Familias cun menor a cargo	2 Veces o IPREM/Ano	15.039,18 €	1 Veces o IPREM/Ano	7.519,59 €
<i>Si tamén se cumpre algunha das seguintes condicións, incrementase o limiar de renda en 0,5</i>	<i>2,5 Veces o IPREM/Ano</i>		<i>1,25 Veces o IPREM/Ano</i>	
Algún dos membros da unidade familiar ten discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%				
Algún dos membros da unidade familiar ten a condición de violencia de xénero		18.798,98 €		9.399,49 €
Algún dos membros da unidade familiar ten a condición de vítima de terrorismo				
Familias con dous menores a cargo	2,5 Veces o IPREM/Ano	18.798,98 €	1,25 Veces o IPREM/Ano	9.399,49 €
<i>Si tamén se cumpre algunha das seguintes condicións, incrementase o limiar de renda en 0,5</i>	<i>3 Veces o IPREM/Ano</i>		<i>1,5 Veces o IPREM/Ano</i>	
Algún dos membros da unidade familiar ten discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%				
Algún dos membros da unidade familiar ten a condición de violencia de xénero		22.558,77 €		11.279,39 €
Algún dos membros da unidade familiar ten a condición de vítima de terrorismo				
Familias Numerosas	-		2 Veces o IPREM/Ano	15.039,18 €
Unidade familiar/ Demandante individual pensionista	Cuantía mínima vixente en cada moemento para a clase de pensión (Orfandade, Viuvez, Xubilación..)		2 Veces o IPREM/Ano	7.519,59 €

Táboa 1 Resumo de rendas e circunstancias especiais recollidas no RD 897/2017

5. Consumidor vulnerable severo. Cualifícase deste xeito a aquel consumidor vulnerable que percibe a metade os limiares de renda establecidos para cada un dos casos descritos para o consumidor vulnerable.

6. Consumidor en risco de exclusión social. Considerase neste apartado aqueles consumidores vulnerables severos que estean atendidos polos servizos sociais municipais ou autonómicos, e estes se fagan cargo de, polo menos, o 50% da factura da electricidade.

O subministro enerxético dun consumidor vulnerable severo, está declarado como “*Subministro de Electricidade Esencial*”, tal e como se declara no artigo 52.4 da Lei 24/2013.

7. Descontos aplicables

Para un consumidor vulnerable: 25% sobre o termos de potencia e enerxía do PVPC vixente en cada momento.

Para consumidor vulnerable severo, e en risco de exclusión social: 40% sobre o termos de potencia e enerxía do PVPC vixente en cada momento.

Para os dous casos anteriores, o límite de enerxía anual bonificada co desconto de 25% ou 40% son os que figuran na seguinte táboa 2:

Categoría	Anual	Mensual (aprox.)
Unid. Fam. sen menores /demandante individual	1.200 kWh	100 kWh
Unid. Fam. cun menor	1.680 kWh	140 kWh
Unid. Fam. con dous menores	2040 kWh	170 kWh
Unid. Fam. familias numerosas	3.600 kWh	300 kWh
Unid. Fam./demandante individual-pensionistas	1.680 kWh	140 kWh

As cantidades de enerxía que, mensualmente excedan do límite sinalado na anterior táboa, facturaranse ao prezo vixente do PVPC para ese momento.

8. Procedemento de solicitude. As encargadas de tramitar o bono social, son as propias compañías COR. Cada unha destas compañías publica na súa páxina web o formulario de solicitude, que debe de corresponder co que figura no Anexo I da Orde ETU/943/2017. Os canais de trámite son, dende a propia web da COR, por correo electrónico, fax ou correo postal.

Ligazóns de descarga:

Comercializadora de Referencia	Formulario Solicitude do Bono Social	Outra Documentación
Gas Natural S.U.R., SDG, S.A	Bono Social GNF	
Iberdrola Comercialización de Último Recurso, S.A.U.	Bono Social Iberdrola	
Endesa Energía XXI, S.L.U.	Bono Social Endesa	Cambio Comercializadora Endesa
CHC Comercializador de Referencia S.L.U.	Bono Social CHC	Solicitude Online
EDP Comercializadora de Último Recurso, S.A.	Bono Social EDP	
Viesgo Comercializadora de referencia, S.L.	Bono Social Viesgo	

Para o caso de que o solicitante non teña contrato coa COR, e si en mercado libre, Endesa aporta un documento de cambio que debe ser asinado polo solicitante.

CHC ten un formulario totalmente online, onde se pode subir toda a documentación esixida para cada caso, e consultar o estado dos trámites.

8.1 Documentación precisa.

Con carácter xeral, aportarase copia papel ou dixital, sen compulsas de :

- DNI de tódolos membros da unidade familiar do solicitante, incluso dos menores que teñan 14 anos ou máis. Aqueles menores que non estean obrigados a ter DNI, asinaran a solicitude, aínda que non aporten o documento.
- Certificado de empadramento colectivo. Moi importante que sexa colectivo en tódolos casos, aínda que sexa un solicitante individual. Este documento tamén nos vai dar información de que individuos deben de aportar o seu DNI, sinatura e resto de documentación á solicitude.
- Declaración de IRPE, Certificado do mesmo, ou certificado de imputacións emitido pola axencia tributaria. Este Certificado, pode ser solicitado e recollido telematicamente a través da [web da Axencia Tributaria](#). Para esta solicitude precisamos ter o número de DNI do solicitante, o número de conta bancaria que o solicitante teña ao seu nome (preferiblemente con antigüidade maior a un ano) e un teléfono móbil onde recibir un código de acceso.

Este trámite deixará de ser necesario no momento en que se publique no BOE a resolución do Secretario de Estado de Enerxía na que se informe de que está dispoñible a aplicación informática que permita ás COR a consulta telemática dos datos de renda dos solicitantes.

Unidades familiares:

- Libro de familia ou certificación da folla do rexistro civil. Debemos aportar copia de tódalas follas do libro, onde aparezan os membros da unidade familiar. En caso de que a unidade familiar conte con máis dun libro de familia, achegaranse todos os existentes.

Familias numerosas:

- Título de familia numerosa.

Pensionistas:

- Certificado da seguridade social relativo ao titular ou a tódolos afectados. Solicitase con certificado dixital de xeito telemático, ou ben na oficina da seguridade social de zona, presentando solicitude segundo o [seguinte modelo](#).

8.2 Acreditación de circunstancias especiais

Estas circunstancias especiais teñen que ser acreditadas polos servizos sociais municipais, ou pola consellaría de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia. O modelo a seguir é o que figura como anexo na orde ETU/943/2017. É importante que se siga este modelo, xa que debe de ser confidencial, é dicir, aínda que se expida a nome do titular do subministro, que ten que ser o que solicite o bono social, non debe de referirse a que persoa da unidade familiar cumpre cos requisitos de “circunstancia especial”, aspecto que perde a súa relevancia cando o solicitante é persoa individual.

Para cada un dos casos definidos, dentro das circunstancias especiais, o interesado deberá aportar aos servizos sociais a documentación que certifique que, na súa unidade familiar algún membro cumpre cos requisitos esixidos, tales como:

- Certificado de minusvalía expedido polo IMSERSO ou a Consellaría de Igualdade e Benestar.
- Sentencias xudicial, de condena ao agresor, ou resolución onde se ditaminen medidas cautelares contra este. Certificado emitido pola administración pública competente no que conste que a persoa interesada está dentro dun programa de atención á violencia de xénero. Certificado emitido polos propios servizos sociais municipais, onde conste que está en acollida, protección, etc.
- Resolución que que o interesado ten condición de vítima de terrorismo, segundo a Lei 29/2011 de 22 de setembro.

9. Calculo das rendas.

Para determinas as rendas da unidade familiar, ou do individuo solicitante, autorízase á COR a consultar os datos de IRPF de tódolos membros da unidade familiar ou solicitante. Esta autorización figura dentro do formulario de solicitude, en forma de recadro de verificación.

Como se sinalou no apartado 8.1, agora mesmo debemos de aportar a certificación do IRPF, ou Certificado de imputacións do solicitante e de tódolos membros da unidade familiar. Previsiblemente a aplicación informática estará dispoñible no primeiro trimestre d 2018.

Para saber se, previamente á solicitude, un individuo, ou unidade familiar está dentro dos límites establecidos na táboa 1, tómanse os datos da base impoñible xeral e do aforro da declaración do IRPF, segundo a Lei 31/2006. Para a renda 2016, debemos de sumar as caixas da declaración do IRPF, de tódolos membros da unidade familiar de:

- Caixa392 – Base impoñible xeneral

- Caixa 405 – Base imponible do aforro

Podemos usar unha pequena ferramenta “online” na páxina web ce [Civio](#)

10. Prazos.

- Dende que se presenta a solicitude, a COR ten 15 días para verificar a documentación, e se fose o caso, solicitar aquela que faltase ou estivese incompleta. Unha vez a documentación este completa, a resolución da concesión ou denegación do bono social será nos 15 días seguintes á última achega de documentación.
- Aquelas **persoas que sexan beneficiarias do antigo bono social**, teñen seis meses para solicitar o novo, en caso de que cumpran cos requisitos para desfrutar deste. É dicir, ata o 10 de abril de 2018. Se non se fai esta nova solicitude, pérdese o Bono Social.


Pasado este prazo, pódese solicitar en calquera momento. O único agravante é que o período de tempo que vaia dende que se perdeu o dereito ao antigo bono, ata que aplique o novo, o usuario pagará a electricidade segundo marque o PVPC, sen desconto algún.

- **Renovación** cada dous anos, para o que deberá de iniciarse un novo trámite, como mínimo quince días antes de que se cumpran ou dous anos dende a aplicación do bono. As familias numerosas non teñen que facer renovación do Bono Social, namentres conten co título de familia numerosa. A COR deberá de informar ao titular do subministro, do prazo para solicitar a renovación do Bono Social, na última factura anterior á caducidade deste.

11. Cortes de subministro.

Con carácter xeral, para proceder a un corte de subministro eléctrico por falta de pago, a comercializadora deberá de ter realizado o seguinte procedemento:

- 1ª Comunicación efectiva nos dous meses seguintes da data de emisión da factura deixada de pagar, segundo o Anexo II do RD897/2017, informe de falta de pago. Dase un prazo de 2 meses para o pago a mercado libre e PVPC, e catro meses para os beneficiarios do bono social. Esta comunicación poderá ser substituída pola seguinte comunicación efectiva; segundo o Anexo III do RD897/2017 sobre equirimento efectivo de pago.
- En caso de que as notificacións anteriores, non tivesen resposta (falta de acreditación efectiva), remitirase de novo o modelo do anexo III, no sétimo día hábil posterior ao envío anterior, (Comunicado reiterativo). De ser posible, este comunicado deberano enviar por calquera outro canal non empregado anteriormente, para reforzar a certeza de que o interesado/a o recibe. Feito esta reiteración, aínda que non se reciba resposta da súa recepción, os prazos seguen correndo.



- 2ª Comunicación efectiva. Quince días antes de vencer o prazo, segundo corresponda, de dous ou catro meses dende o envío da primeira comunicación, ou do comunicado reiterativo, se fose o caso. Aviso de corte, con data probable, segundo Anexo IV.
- O prazo total, dende a data de emisión da factura ata o corte do subministro será de dous meses para cliente en mercado libre ou PVPC, catro meses para os que teñan Bono Social. A estes prazos haberá que sumarlles vinte días naturais, que é o prazo de pago das facturas.
- Nunca se poderá sinalar como día de corte un festivo, nin nacional, nin autonómico.
- Aos Consumidores Vulnerables en Risco de Exclusión Social nunca se lle poderá cortar o subministro. Sempre e cando os servizos sociais municipais ou autonómicos paguen a meta de da factura (antes de descontos) nos cinco meses despois da emisión.

Notas

- Se o solicitante tivese un contrato en mercado libre, o paso á COR coa que tramite o bono social, farase conxuntamente coa solicitude do bono. Actualmente so Endesa pide que o solicitante asine un documento de consentimento de cambio de contrato, o resto envían un novo contrato para que o asine o solicitante. Se existe este trámite, o prazo final da concesión do bono pode dilatarse ata unha semana.
- Se o solicitante non tivese o contrato a seu nome, o cambio de titular, farase conxuntamente coa solicitude do bono. A COR enviará un novo contrato para que o asine o solicitante. Se existe este trámite, o prazo final da concesión do bono pode dilatarse ata unha semana.
- Os servizos sociais municipais, ou os do goberno autónomo, deberán de comunicar ás COR, os cambios que provoquen a perda de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social, nun prazo máximo dun mes, dende que estes cambios se producisen. Neste momento descoñecemos o procedemento que se vai seguir.
- Falta por definir e asinar o mecanismo de colaboración entre as COR, Xunta e Servizos Sociais municipais que axilicen todo o referente aos consumidores vulnerables severos, en risco de exclusión social.

FAEPAC
 Casa da Enerxía
 Alcalde José Vilaboy Pajón s/n 15320 As Pontes
 A Coruña
 Teléfono: 981 102 111
atencionconcellos@faepac.org consultas@faepac.org